



RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

usc.rips@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela  
España

Sanjiao Otero, Francisco Javier  
Teoría marxista das crises capitalistas. Un exemplo da visión normativa dos políticos  
RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 2, núm. 2, 2003, pp. 51-62  
Universidade de Santiago de Compostela  
Santiago de Compostela, España

Available in: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38020205>

- How to cite
- Complete issue
- More information about this article
- Journal's homepage in redalyc.org

redalyc.org

Scientific Information System

Network of Scientific Journals from Latin America, the Caribbean, Spain and Portugal

Non-profit academic project, developed under the open access initiative

# TEORÍA MARXISTA DAS CRISES CAPITALISTAS. UN EXEMPLO DA VISIÓN NORMATIVA DOS POLÍTICOS

Francisco Javier Sanjiao Otero

*Universiade de Santiago de Compostela  
Departamento de Economía Aplicada*

*Marxist theories of business cycles, their causes and the role of capitalist government in them, show the limits of normative theories to explain the behaviour of political agents in social groups where the premises are not strictly observed. The default of this premises explain problems to apply marxist systems.*

**Key words:** *Marxism, business cycle, normative theory of politics.*

## 1. AS CAUSAS DAS CRISES CAPITALISTAS SEGUNDO A TEORÍA MARXISTA.

O alicerce sobre o que se cimentou a teoría marxista dos ciclos aparece no *Manifesto do Partido Comunista*, onde se considera que “as crises comerciais...co seu retorno periódico, expresan, en forma cada vez máis ameazante, a cuestión da existencia de toda a sociedade burguesa....Durante as crises, unha epidemia social esténdese sobre a sociedade; a epidemia da superproducción....As relacións burguesas resultan demasiado estreitas para conteren as riquezas creadas no seu seo. ¿Cómo vence esta crise a burguesía? Dunha banda, pola destrución obrigada dunha masa de forzas productivas; doutra pola conquista de novos mercados e a explotación máis intensa dos antigos. ¿De qué modo o fai entón? Preparando crises máis extensas e máis violentas e diminuindo os medios de previlas” (Marx e Engels, 1848: 27-28).

Na análise sobre a natureza das crises capitalistas, Sweezy (1942: 169) considera que “tal vez poida dicirse con certeza que se Marx vivira para completa-la súa análise da competencia e do crédito teríanos dado un exame cabal e sistemático das crises”, pero hai que constata-la inexistencia dun tratamento completo das mesmas na obra de Marx, ás que só fai referencia de forma parcial con ocasión do tratamento doutros temas ó longo das súas obras. Este tratamento parcial dun tema de grande importancia práctica impulsou múltiples estudos marxistas sobre as crises capitalistas, e

dou lugar á aparición dunha forte controversia sobre a natureza das crises económicas e o papel do Estado nas mesmas.

As análises marxistas neste campo teñen como obxectivo proba-la relación existente entre as leis que rexen o desenvolvemento económico nas sociedades capitalistas e a aparición de crises económicas cada vez máis graves. Por este motivo, as crises económicas constitúen unha consecuencia intrínseca e ineludible do sistema capitalista, un sistema que conduce á aparición e reiteración das crises á vista dos límites obxectivos ós que está suxeito. Os ciclos económicos constitúen un mecanismo endógeno causado pola forma específica do desenvolvemento capitalista, e a crise é unha fase deste ciclo asociada ás súas características esenciais. Para Dobb (1942: 633) responde “ó que Marx chamaba *anarquía da produción*, é dicir, a multiplicidade de produtores que decidían autonomamente o que había que producir, e o feito de ser un sistema de produción non con propósitos sociais conscientemente determinados senón con propósitos de lucro”.

O fin primordial do sistema capitalista atende ó incremento da riqueza nas mans dos capitalistas, e a actuación individual de cada un deles está directamente encamiñada á explotación dos recursos productivos que ten á súa disposición co fin de incrementa-los seus beneficios e acumular máis capital que lles permita o seu reinvestimento<sup>1</sup>. O problema xurde porque a repetición deste proceso de acumulación-reinvestimento-acumulación non é infinito

senón que, dada a existencia de límites económicos obxectivos, chega a un punto inevitable no que se manifestan as *contradicións no proceso de acumulación*<sup>2</sup>.

O proceso de acumulación descansa na apropiación nas mans dos capitalistas das plusvalías xeradas polo traballo, e para incrementar-se precisa dun continuo desenvolvemento das forzas productivas que permita xerar máis plusvalías. Esta actividade resulta imposible pola aparición de crises de sobreproducción capitalista cando, polo desigual reparto da riqueza producida e malia a existencia de necesidades insatisfeitas nas crases proletarias, se produce a acumulación de remanentes de mercadorías que non poden venderse no mercado, xa que os detentadores dos recursos non van incrementar o seu gasto en consumo para non reduci-la súa capacidade de acumular riqueza, e os que desexarían incrementar-lo seu gasto en consumo carecen dos medios necesarios para poder adquirilos. Como consecuencia as relacións capitalistas de produción convértense en trabas para a súa expansión ó impedi-lo cumprimento do fin primordial da sociedade capitalista, máxime pola aparición de crises de desproporcionalidade nas que “a crise é a secuencia obrigada da inexistencia dun plan que coordine a produción dos diversos empresarios capitalistas individuais” (Luxemburgo, 1913: 23). Neste caso, o carácter anárquico e sen plan da economía capitalista á hora de asignar-las recursos productivos<sup>3</sup> ten como resultado unha asignación ineficiente dos mesmos que orixina crises de superproducción motivadas pola desproporcionalidade entre as distintas liñas de produción, o que reforza as crises que derivan do reparto inequitativo da riqueza e da incapacidade de adquirir no mercado as existencias acumuladas.

Nun primeiro momento as crises eran consideradas como o indicio máis relevante e claro da derruba da sociedade capitalista, dentro do carácter autodestructivo do estado, xa que, como sinala Marx (1873: 475) “o movemento cheo de contradicións da sociedade capitalista deixase sentir para o burgués práctico do modo máis impresionante nas vicisitudes dos ciclos periódicos que atravesa a moderna industria, vicisitudes das que o seu punto culminante é a crise xeral”. Dentro da dialéctica hegeliana, o capitalismo xogara un papel moi importante no devir histórico, pero a súa fase estaba chegando ó fin pola aparición do socialismo. Unha vez esgotada a súa forza expansiva, xa que dunha

banda os mercados tradicionais estaban nos seus límites de explotación e doutra banda non existían novos mercados ós que acudir, a única posibilidade para evitar estas crises pasaba pola transformación das estruturas básicas do sistema, evitando as contradicións inherentes ó sistema capitalista mediante a superación da loita de clases. Por este motivo consideraban que o capitalismo non só era autodestructivo senón que ó mesmo tempo contribuía ó xurdimento do socialismo, ó sentar as bases para que se producira unha revolución do proletariado contra os capitalistas opresores.

A veracidade desta idea pareceu reforzarse a fins do século XIX e comezos do S. XX, cando os países con réxime capitalista sufriron distintas crises económicas que desembocaron na ben coñecida crise do 1929, mentres a marcha económica do sistema socialista xurdido tras a revolución rusa aparentaba ser altamente positiva. Desde o punto de vista doutrinal, os esforzos centráronse sobre todo en mostrar os erros do sistema capitalista, e admitiron como un feito incontestable a superioridade dos sistema soviético, polo que non se produciron análises reais sobre os seus erros e a posibilidade de implementar os resultados.

A posterior inexistencia desta derruba e incluso a recuperación da economía de mercado, motivada en gran medida pola aplicación nas economías occidentais das ideas keynesianas cun novo papel intervencionista do goberno, levou a unha serie de autores a constata-la capacidade do capitalismo para evolucionar cara formas nas que se minimizaran estas contradicións<sup>4</sup>, se ben no último caso a evolución lóxica, e a única que permitiría solventar totalmente o problema das crises, sería a aparición do socialismo<sup>5</sup>.

Kondratieff (1926), ó elabora-la súa teoría das ondas longas da economía, defendía que a vida económica estaba suxeita a recaídas e recuperacións periódicas. Isto implicaba que as crises non supoñían por si mesmas o inicio do fin da sociedade capitalista, senón un retroceso temporal ó que seguirían novas recaídas e recuperacións, pero esta teoría foi obxecto no seu momento de múltiples críticas por parte de autores marxistas encamiñadas a demostraren a inexistencia deste carácter cíclico e a validez do carácter evolutivo da historia e do advento do socialismo.

Co devir histórico “ó non facer aparición a esperada ralentización da actividade economi-

ca, nin a crise subseguinte, os marxistas atoparon cada vez máis difícil interpreta-lo mundo occidental de posguerra. A brecha que separaba a teoría marxista da realidade era tan grande que minaba de forma significativa a credibilidade da análise teórica proposta” (Mishra, 1984: 112). O pensamento marxista ortodoxo segue xirando en torno á idea da autodestrución do capitalismo dado que “a realidade actual (se presenta) como unha historia fora da que a formación social socialista constitúe unha *posibilidade real* (oposta a unha situación imaxinaria)” (Offe, 1979: 27), pero a chegada do socialismo non resulta un elemento inevitable, xa que as clases capitalistas poñen en marcha reformas que pretenden impedilo<sup>6</sup>.

## 2. O PAPEL DO GOBERNO NA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Respecto do papel que podía representa-lo estado nas crises, e dado o carácter inherente das mesmas, non consideraban que a intervención dun estado capitalista puidera poñer fin a elas, se ben, á vista da adopción governamental de políticas anticíclicas e do seu éxito aparente, recoñecen que podería diminuí-los seus efectos mediante a realización de programas de gastos públicos que actuaran como forza contrarrestadora do subconsumo cando outras forzas resultaran demasiado febles para impediren un estado de depresión crónica. Pero esta tendencia nunca abondaría polo carácter instrumental do estado que “non era un órgano da sociedade no seu conxunto, ó que se pode facer funcionar en interese da sociedade toda (...) O estado na sociedade capitalista foi sempre ante todo e sobre todo o gardián das relacións capitalistas de sociedade. Con este carácter foi de forma inequívoca o instrumento de dominación da clase capitalista” (Sweezy, 1942: 423)<sup>7</sup>.

Poulantzas (1968: 152-156; 241-246) tamén defende o carácter instrumentalista do estado na defensa dos intereses da clase dominante, pero distingue entre os intereses económicos e os intereses políticos. Deste xeito, o estado capitalista non representa directamente os intereses económicos do capitalismo, senón os seus intereses políticos, e constitúe o elemento central no deseño da súa loita política. A necesidade, en especial nos sistemas democráticos, de mante-lo control do sistema político no que reside o poder de legislar e gobernar, fai necesario garantir en determinados casos certos

intereses económicos das clases dominadas, xa que, malia ser eventualmente contrarios ós intereses económicos da clase dominante (acumular capital), son compatibles cos seus intereses políticos (seguir como clase hexemónica e desorganizar politicamente ás clases dominadas).

Por este motivo, as medidas estabilizadoras dentro do sistema capitalista non pasan de ser un bálsamo que pretende reduci-las dores dun andazo; nunca constitúen un remedio para suprimi-la enfermidade ó estar causada polas dificultades que o mesmo sistema crea. Teñen como obxectivo neutraliza-los efectos derivados dos límites ó crecemento capitalista, pero a súa intervención só consegue retrasa-los prexuízos, e incluso resulta negativa. Aínda que o estado consiga controlar unha crise puntual persisten as condicións estruturais que a orixinaron, de forma que cando se acaden os límites obxectivos ós que está suxeita a economía capitalista, a crise será tan profunda que non poderá ser retardada por máis tempo. Ademais o atraso incrementa as dificultades para poder superala porque “as medidas adoptadas para vencelas dan resultado só a costa de achai-lo camiño para crises máis extensas e destructivas e debilita-los medios polos que se prevenen as crises” (Sweezy, 1942: 236), co que os efectos negativos da crise futura resultan moito máis prexudiciais.

A intervención dos gobernos se produce co fin de correxi-los erros de mercado e para modera-la loita de clases, evitando as desigualdades extremas que se producirían nun sistema capitalista puro sen intervención estatal, e que dificultarían a súa pervivencia no tempo. Segundo Gough (1979: 93-102), instrumentos como a seguridade social, as normas sobre condicións de traballo, a educación gratuíta e obrigatoria, ou as vivendas sociais, teñen gran importancia en canto permiten incentiva-lo traballo, serven para reforzaren a disciplina entre os traballadores ou como medio de aseguraren a existencia de traballadores cos coñecementos e habilidades necesarios para desempeñaren as novas tarefas xurdidas cos novos mecanismos de produción. O incremento dos gastos para atenderen a estas necesidades resulta da loita emprendida polos traballadores co fin de melloraren as súas condicións de vida mediante o emprego do sistema político democrático existente e da actividade do estado como resposta funcional ás necesidades do capital tanto económicas como políticas<sup>8</sup>. Calquera decisión do

estado atende á estratexia de favorecer ó capital, e as pretendidas funcións sociais en favor das masas responden á necesidade de que o estado elabore politicamente as funcións de acumulación do capital, “de modo que esas medidas poidan, tras certas concesións ás clases dominadas, garanti-la reprodución da hexemonía de clases e da dominación do conxunto da burguesía sobre as clases populares” (Poulantzas, 1978: 225)<sup>9</sup>.

Deste xeito a intervención estatal non é a solución senón que produce a aparición de novos problemas na economía capitalista ó manifestarse as contradicións entre intereses económicos e intereses políticos, pola necesidade de protexer-la acumulación de capital e, ó mesmo tempo, asegura-lo consentimento das clases dominadas. Dunha banda constitúen elementos imprescindibles para que poida continuar-lo desenvolvemento da economía capitalista, noutro caso abocada ó fracaso; doutra banda introduce os elementos que conducen á *crise fiscal do estado capitalista*<sup>10</sup>. Sen esta intervención pública non pode cumprirse a función de lexitimación, pero o seu mantemento afecta á función de acumulación que se persegue no sistema capitalista. O'Connor (1973: 71) afirma que a estabilidade da sociedade capitalista depende de tres factores, 1) a expansión económica exterior e a hexemonía económica mundial, 2) o mantemento de relacións de produción harmónicas no sector monopolista, e 3) a socialización dos custos de produción, a privatización dos beneficios e a non socialización dos salarios. Pero estes factores conducen á inflación e á crise fiscal polo xogo dos mecanismos existentes para cumprir coa función de estabilización<sup>11</sup>. Esta contradición esencial da sociedade capitalista democrática dá lugar á aparición de crises nas que emerxen novas definicións tanto dos sistemas como das funcións sociais<sup>12</sup>.

Na sociedade capitalista as crises van seguir producíndose pois constitúen o modo máis ou menos traumático de arranxar-los males derivados da prosperidade (superproducción), permitindo a adopción de medidas correctoras extraordinarias que non poderían ser adoptadas fora deste contexto pola oposición que presentarían as clases dominadas. Incluso as formas capitalistas evolucionadas (como o estado do benestar) malia os seus efectos positivos, non alteran radicalmente os modos de produción e satisfacción das necesidades básicas, polo que “máis que mitiga-las necesidades básicas, mitiga

os problemas máis urxentes creados polo crecemento industrial e urbano” (Rodríguez, 1982: 20). Desde a postura marxista, as contradicións existentes entre as estruturas políticas e económicas do capitalismo, só poderán solucionarse mediante unha actuación que afecte ós seus elementos básicos, instaurando un sistema que ordene as actividades productivas e proceda a un reparto da riqueza máis igualitario.

O establecemento de sistemas de produción colectivizados, nos que se asignen os recursos conforme a plans centralizados e se proceda a repartos equitativos da produción, é proposto como o único medio de artellar un sistema económico non sometido ós vaivéns dos ciclos capitalistas. En consecuencia, a única solución duradeira á existencia de ciclos económicos pasa polo establecemento dun sistema socialista que, ó non ter como fin fundamental a acumulación de capital, non estará suxeito ós seus límites. A existencia dunha economía planificada no socialismo, evitaría así as crises de superproducción e polo tanto os ciclos económicos pois toda a produción sería establecida de acordo coas necesidades existentes, e desaparecerían os stock de mercancías non consumidas.

### 3. PECULIARIDADES DA ANÁLISE MARXISTA DOS CICLOS ECONÓMICOS

As teorías marxistas dos ciclos económicos presentan dúas características peculiares fronte a calquera outra teoría de análise dos ciclos económicos.

En primeiro lugar, o seu obxectivo non é analizar-las causas e efectos que producen os ciclos con vistas ó seu control, senón constatar-las imperfeccións do sistema capitalista no que se producían fronte ó sistema de planificación central marxista, e a incompetencia de calquera medida estabilizadora para acadar-los seus fins sen proceder a un cambio radical do sistema. Ponse de manifesto así o paradoxo de que os estudiosos marxistas procedan neste campo a realizar estudos sobre o funcionamento do capitalismo, sen consideraren en ningún caso a posibilidade de que se produzan fluctuacións na evolución económica dos sistemas socializados. Como o culpable último das crises é o sistema capitalista, a súa substitución por outro sistema social conleva á desaparición das crises.

Resulta lóxico que así aconteza respecto das crises capitalistas, pero incorren na inxenuidade

de considerar que non pode haber crises fora destas e polo tanto non analizan a posible existencia de ciclos endóxenos producidos polo propio funcionamento do seu sistema económico. As causas que producen a aparición dos ciclos económicos poden ser moi diversas, e ningún sistema económico está inmunitizado ós vaivéns en tanto que constitúen o modo normal de evolución de calquera sistema económico.

Desta forma, mentres existe unha numerosa bibliografía sobre o funcionamento do sistema de mercado que co estudio dos seus problemas permitiu a súa mellora, os estudos marxistas seguen en gran medida ancorados en dogmas incuestionables e son escasos os estudos dos erros que presenta no seu funcionamento, nin dos posibles mecanismos para solucionarlos.

En segundo lugar, inclúen por vez primeira o elemento político como determinante fundamental dos ciclos. Na maioría das teorías tradicionais dos ciclos económicos o estado, o sector público ou os políticos eran considerados como elementos alleos á orixe dos ciclos. Os ciclos eran atribuídos a distintos elementos da estrutura económica (estructura institucional, innovacións, demanda agregada ou oferta monetaria), e polo tanto os aspectos políticos non eran incluídos á hora de analízalos. Unha vez identificada a causa dos ciclos, o estado era considerado ou ben como unha institución que contribuía á súa estabilización mediante a posta en práctica das medidas de política económica derivadas do estudo dentro do sistema mixto de mercado (nas teorías institucionalistas e nas teorías keynesianas); ou ben como unha institución que non debía intervir ó ser considerada un elemento extraeconómico que de actuar producía perturbacións no sistema económico e que polo tanto debía ser expulsado do mercado para que as institucións privadas puideran realiza-los axustes necesarios (nas teorías da innovación e nas teorías neoliberais antikeynesianas). En ambos casos introducir elementos políticos na análise resultaba irrelevante pois chegaba con busca-los mecanismos estabilizadores do mercado; no primeiro caso se asumía que os políticos aplicaban desde a súa posición estas medidas, e no segundo defendían un mercado libre sen intervención pública e non precisaba atender a unha institución que se pretendía sacar das decisións económicas.

A inclusión de elementos políticos na teoría marxista tan só considera a influencia da estrutura económica na superestructura políti-

ca propia do capitalismo, pola presión das funcións capitalistas dentro dun sistema democrático burgués, en contraposición ó sistema socializado no que os políticos actuarían como lexítimos representantes do proletariado en tanto formaban parte (como todos) da mesma clase.

Fora desta consideración da esfera política como un elemento máis no que se manifesta a loita de clases<sup>13</sup>, a análise marxista ortodoxa non considera a posible existencia de intereses específicos que movan ós políticos na súa actuación á marxe dos da clase hexemónica, xa que como indica Poulantzas (1968: 70-71) "a concepción marxista científica das relacións sociais de produción leva en si a crítica radical de toda antropoloxía económica, que refire o económico en xeral ás *necesidades dos suxeitos humanos* e, por conseguinte, a crítica radical da concepción das relacións sociais como relacións intersubxectivas".

#### 4. A VISIÓN DOS ELEMENTOS POLÍTICOS NA ANÁLISE MARXISTA

O paradigma aplicado polo marxismo ás relacións entre economía e política constitúe un modelo unidireccional que asume a supremacía dos factores materiais (económicos) sobre os outros factores sociais. Como recolle Marx (1859: 373): "Na produción social da súa vida, os homes contraen determinadas relacións necesarias e independentes da súa vontade, relacións de produción, que corresponden a unha determinada fase de desenvolvemento das forzas productivas materiais. O conxunto destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a que se levanta a superestructura xurídica e política e á que corresponden determinadas formas de conciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual en xeral....Ó cambia-la base económica, revolúciónase, máis ou menos rapidamente, toda a inmensa superestructura erixida sobre ela. Cando se estudian esas revolúcións, hai que distinguir sempre entre os cambios materiais ocorridos nas condicións económicas de produción e que poden apreciarse coa exactitude propia das ciencias naturais, e as formas xurídicas, políticas, relixiosas, artísticas ou filosóficas, nunha palabra, as forzas ideolóxicas en que os homes adquiren conciencia deste conflito e loitan por resolvelo".

Conforme ó esquema deste modelo fixado por Lange (1963: 40), os fenómenos políticos enmárcanse na superestructura condicionada pola estrutura económica, e protexen coas súas institucións o mantemento dos modos de produción presentes nesa sociedade, sen que exista ningunha influencia dos fenómenos políticos na estrutura económica desa sociedade. Economía e política non son independentes, pero a relación entre as dúas resulta asimétrica, xa que o sistema económico ocupa un papel predominante fronte ó sistema político e este carece de relevancia para influír sobre os fenómenos económicos<sup>14</sup>.

A concepción unidireccional marxista foi moi criticada porque non proporciona un modelo que poida utilizarse para analiza-lo comportamento social na realidade. Os fenómenos económicos actúan moitas veces como causas que condicionan o artellamento do sistema político, pero ó mesmo tempo, o sistema político non se limita a ser un mero resultado daqueles, xa que os mecanismos políticos existentes, e en especial aqueles polos que se produce a conversión dunha multiplicidade de opcións individuais nunha única decisión colectiva mediante os sistemas de votación, levan á adopción de normas que teñen unha grande influencia na actividade económica. Os cambios nos modos de produción producen cambios na esfera política e, ó mesmo tempo, desde a esfera política poden producirse cambios nos modos de produción. A adopción de modelos de interrelación bidireccional constitúe así un mecanismo máis axeitado no estudio da economía e da política<sup>15</sup>.

Economía e política manteñen un proceso continuo de retroalimentación no que os factores económicos condicionan a estrutura política da sociedade e os factores políticos condicionan a evolución económica. Á hora de analizar calquera fenómeno económico compre preve-la existencia de condicionantes políticos que influían no seu desenvolvemento. E esta inclusión non só resulta axeitada senón que constitúe un aspecto primordial, dado que "o argumento fundamental é que para comprender calquera cousa importante na economía nacional compre comprende-la política. Isto é así porque as accións dos políticos, os nomeamentos dos políticos, grupos de intereses e votantes determinan contraria e significativamente a política económica, e, naqueles días ocasionais en que a política funciona, os resultados económicos" (Tufte, 1979: xi).

Por outra parte, o abandono do individualismo metodolóxico clásico por un modelo baseado no concepto da clase social, caracteriza ó sistema político como un elemento determinado ou condicionado pola estrutura económica da sociedade. A escena política constitúe o espazo no que se manifesta a loita das forzas sociais, e polo tanto os políticos actúan como defensores dos intereses económicos das distintas clases organizadas en partidos políticos<sup>16</sup>. En traballos máis tardíos, algúns autores marxistas<sup>17</sup> recollen expresamente que nos sistemas democrático capitalistas, a política inflúe na situación económica xa que os programas económicos e sociais desenvolvidos polo goberno derivan da estrutura do mercado político.

Entre estas influencias destacan:

1. A apropiación privada do poder estatal con fins particulares (de grupos de presión, dos políticos e gobernantes), que xunto a aparición de situacións de malgasto, duplicación e solapamento de proxectos e servicios estatais, aumenta a crise fiscal do Estado.
2. A existencia de moitas demandas sen fundamento exercidas sobre o goberno por toda unha serie de grupos de presión que deben atender dada a natureza capitalista da economía, pero que contribúen a mina-lo sistema democrático institucional e a regulación dos conflitos de clases.
3. A intervención do mecanismo electoral na loita de clases, xa que os traballadores actúan esixindo o cumprimento dunha serie de programas e plans<sup>18</sup>.

Deste xeito, a crise económica do estado pode verse influenciada por factores políticos ó existiren "políticas difíciles de manter fronte a presións a curto prazo do mercado político, de aí as voces que falan sobre a incompatibilidade entre democracia e realidade económica" (Rodríguez 1982: 29). En todo caso esta influencia está motivada pola existencia de elementos que aparecen ó ter que cumprir cos obxectivos económicos capitalistas dentro da *democracia burguesa*. Baran e Sweezy (1966: 126) consideran que o sistema político occidental é un sistema democrático na forma e plutocrático no se contido, porque se ben os votos son a fonte nominal do poder político, as características esenciais do sistema (gastos de campañas electorais, propaganda, mantemento dos partidos,

etc.) fan que os cartos sexan a fonte real. Só con fortes sumas pode accederse ó poder, que se ben teoricamente reside no pobo soberano, na práctica está en mans dunha oligarquía. A necesidade de manter o carácter democrático (aunque só sexa formalmente) resulta primordial, posto que a adopción doutros sistemas políticos non democráticos implicarían afrontar uns problemas máis graves pola ruptura evidente da función de lexitimidade<sup>19</sup>.

Resulta cando menos curioso que a análise positiva realizada no sistema capitalista non sexa acompañada dunha análise semellante e complementaria respecto do seu propio sistema no que deberían estudiarse os efectos das institucións políticas socialistas na súa evolución económica. A admisión como premisa da bondade do sistema socialista e da participación voluntaria de tódolos individuos no esforzo por acadar os fins socialistas (sen espacio para a consecución de fins particulares) tivo como resultado a carencia de estudos críticos sobre os resultados acadados ou sobre posibles contradicións internas do sistema, xa que os problemas existentes só podían ser causados por sabotaxes ou elementos esóxenos. Asumían que, unha vez reformada a estrutura económica e eliminados os intereses capitalistas, os políticos marxistas, bos e xenerosos, acadarían os mellores resultados para o conxunto do proletariado.

Desgraciadamente, e como apuntaba Maquiavelo (1513: 115) “hai tanta distancia entre como se vive e como se debería vivir que aquel que abandona o real centrándose no ideal camiña máis cara a súa ruína que cara a súa preservación, pois o home que pretenda facer en tódolos sentidos profesión de bondade fracasará necesariamente entre tanto canalla”.

##### 5. A INCAPACIDADE DOS MODELOS POLÍTICOS NORMATIVOS E A SÚA RELACIÓN CO MODELO MARXISTA.

A visión tradicional do mundo da política e dos que nela actúan está impregnada polo que poderíamos chamar *o mito do bo gobernante*, estimando que o seu obxectivo non se rexe polas pautas de comportamento dos individuos na esfera privada, senón que atenden ó cumprimento do ben común, empregando os distintos instrumentos dos que dispoñen na esfera pública para, corrixindo os erros que ten o mercado na súa actuación, acadar os resultados económi-

cos e sociais máis beneficiosos para o benestar común.

As motivacións dos políticos responden así á idea de que cando un individuo actúa na esfera pública, deixa de perseguir-lo seu interese privado e atende á consecución do interese público, en virtude da contraposición entre o estado, institución que garante os comportamentos cooperativos ou altruístas dos axentes económicos, e o mercado, institución que garante os comportamentos individuais e egoístas. O motivo desta distinción entre as pautas de actuación do individuo na esfera privada e na esfera pública ten como orixe a adopción como criterio da actuación dos políticos dun mero criterio normativo, que atende máis a unha visión idealizada do que nos gustaría ter que a unha visión realista do que acontece na realidade.

Desde os comezos da ciencia política, os filósofos gregos pretendían identificar cal era a mellor clase de goberno e quen debían ser nomeados gobernantes. Dentro dunha sociedade utópica rexida por valores morais, os mellores gobernantes serían aqueles que polas súas cualidades atendan ó benestar da sociedade<sup>20</sup>. Pero isto non quere dicir que tódolos gobernantes o fagan, nin que debamos pensar que os gobernantes son sempre así e que só atenderán a perseguir-lo proveito público, xa que os caracteres que deben presidir-la súa actuación non poden confundirse cos caracteres que na realidade presentan. Esta distinción resultaba evidente para os filósofos gregos<sup>21</sup>, e foi o fundamento da crítica que realiza Aristóteles (s.a.: 43-52) á República de Platón, por estimar que é unha simple quimera. Este ideal non era en ningún caso a regra senón un raro acontecemento cando “por unha feliz casualidade a autoridade rexía se xunte cunha razón cultivada pola filosofía, para que faga que a virtude trunfe do vicio” (Plutarco, s.a.: 121).

Unha das causas que incide nesta confusión son as consideracións teolóxicas presentes desde as sociedades máis primitivas nas que os gobernantes eran vistos como os elixidos que exercían o seu poder por mandato dos deuses<sup>22</sup>, idea que despois se reforza no mundo occidental coa expansión da relixión cristián<sup>23</sup>. Nun momento posterior, o nomeamento do gobernante xa non ten esta orixe divina, pero quen procede a facelo en virtude da súa soberanía (o pobo no seu conxunto ou unha parte do mesmo) segue gozando da presunción de infa-

libilidade, xa que en palabras de Rousseau (1762: 25), “ó non estar formado o soberano máis que polos particulares que o compoñen, non ten nin pode ter interese contrario ó seu; por conseguinte o poder soberano non ten ningunha necesidade de garantía respecto ós súbditos, porque é imposible que o corpo queira prexudicar a tódolos seus membros, e logo veremos que non pode prexudicar a ningún en particular. O soberano, polo único feito de selo, é sempre todo o que debe ser”. Unha cousa é a vontade xeral, “sempre recta e que sempre tende á utilidade pública (ou interese común)” (1762: 35), e outra a vontade particular de cada individuo que atende ós seus intereses particulares, ou mesmo a vontade de todos como suma dos intereses particulares. Deste xeito se asume como presunción que os gobernantes nomeados por aqueles nos que reside a soberanía van actuar sempre en defensa da vontade xeral, xa que o soberano vai nomear a quen poida facelo mellor, e o gobernante elixido aplicará as leis movido polo ben común, xa que o goberno non ten unha existencia real independente da vontade do pobo. Consolidase así a crenza de que a ética individual e os seus intereses son alleos á actuación do estado, rexido polo dereito conforme a intereses públicos, sen considerar que a súa actuación responde ó comportamento de suxeitos con intereses particulares.

Desde a economía ortodoxa asúmese que os gobernantes responden ó *modelo do déspota benevolente* (Tullock, 1976: 2-4) e o deseño das distintas medidas políticas goza desta presunción. Sempre que teñan á súa disposición a información necesaria sobre o sistema económico, os gobernantes adoptarán na súa actividade aquelas medidas que resulten mellores para atender ó benestar común, xa que o goberno constitúe un mero instrumento da vontade popular e a súa actividade está presidida polo interese xeral da sociedade. Ante calquera problema económico, os economistas deben estudialo profesionalmente e deseña-las políticas que poida adoptar-lo goberno para corríxilo. Unha vez identificadas abonda con informá-las para que as poñan en marcha, xa que os economistas teñen a obriga e o dereito de dirixir a actuación do goberno para controla-la evolución económica<sup>24</sup>.

O político intervén nos fenómenos económicos mediante o establecemento de normas directa ou indirectamente encamiñadas a este fin. Ante as deficiencias presentes no mercado,

xustifícase a intervención estatal xa que “os gobernos intervirán cando os mercados non se mostren capaces de solventar as necesidades sociais, e o papel do economista consiste en indicar cando e de que xeito se pode intervir co maior proveito” (Stiglitz, 1989: 81).

Para a *teoría convencional da política económica*, a política económica (ou a actividade económica do goberno) constitúe un instrumento do que dispón o goberno que pretende, mediante os estudos dos economistas, identificar as políticas óptimas para, mediante a manipulación exóxena do sistema económico, acadar do xeito máis eficaz posible os resultados perseguidos en termos de benestar social, ben común, ou conforme a criterios análogos de valoración. Neste marco, asúmese implícita ou explicitamente que o obxectivo dos axentes políticos que interveñen na esfera pública é a consecución deste interese público ou ben común, conforme ós dictados dos economistas.

A consideración normativa dos políticos non é consciente das limitacións dos economistas, tanto no deseño das medidas como na súa influencia sobre o goberno, nin das limitacións dos políticos quen na súa actuación non sempre responden a ese modelo mitificado. A necesidade de realizar unha análise positiva acerca da actuación dos políticos constitúe un presuposto de partida á hora de analiza-la súa influencia na actividade económica en xeral, e nas fluctuacións económicas en particular.

A visión simplista e idealizada da actuación dos políticos e gobernantes admitida como válida pola economía ortodoxa, impediulle e impide en moitos casos a elaboración de políticas económicas axeitadas para atender ós problemas presentes na vida real. Na súa torre de marfil o economista ortodoxo dicta sentenza sobre como solucionarlos conforme ós condicionantes endóxenos, pero só elabora mecanismos abstractos que no momento da súa constatación práctica producen resultados distintos ós previstos ó non considera-lo papel dos axentes que van adoptar-las medidas políticas propostas. Como recolle Downs (1957: 301) “a concepción do goberno implícita en gran parte da teoría económica tradicional é inconsistente cos axiomas explicativos do comportamento do sector privado”. Os individuos, tanto na esfera pública como na privada, manteñen os mesmos intereses, e a única diferenza radica na aplicación en cada caso de regras distintas que modifican os seus incentivos e o seu comportamento, polo

que resulta esencial o establecemento destas regras para controlar a actuación dos individuos cando se produce na esfera social (pública ou privada).

A inmensa maioría das críticas ás visións normativas dos políticos foron realizadas a partir do estudo do comportamento dos políticos nas democracias representativas, analizando o papel de votantes, políticos e burócratas, e as regras de xogo que se deben establecer para evitar que se produzan resultados non previstos da aplicación da política económica nun contexto democrático. Pero a asunción de valoracións normativas non está restrinxida a este suposto e polo tanto esta visión positiva pode (e debe) ser incorporada na análise doutras institucións ou sistemas políticos<sup>25</sup>.

As teorías marxistas ortodoxas constitúen un exemplo característico das limitacións que presentan as análises de sistemas políticos baseadas en valoracións normativas non contrastadas na realidade. A súa valoración resulta inconsistente xa que parten da asunción de dogmas incontestables como presupostos básicos que de non seren certos abocan ó fracaso de todo o sistema. Otero (1966: 12) apuntaba que o sistema marxista "non constitúe o resultado dunha investigación científica neutral sobre o carácter das relacións entre os feitos económicos e xurídicos, senón que constituía actitudes filosóficas, derivadas dunha peculiar e indemostrada metafísica". O éxito do marxismo pasa necesaria e ineludiblemente pola eliminación das clases sociais dentro do proletariado, e asume como presuposto de partida que tódolos proletarios (con independencia do posto que ocupen) actuarán como paladíns na defensa dos seus intereses de clase. No caso de que tódolos individuos que integran a sociedade actúen como *bos marxistas*, esquecendo os seus intereses particulares e empregando en tal obxectivo tódolos seus recursos, poderíamos chegar ó *paraíso marxista*, pero asumir este presuposto ideolóxico como punto de partida sen contrastar o seu cumprimento conleva a un problema irresoluble. Ó presumir a bondade, esquecéronse de fixar mecanismos para corrixir as desviacións deste ideal, e o resultado final foi o incumprimento deste óptimo idealizado.

En concreto, a imposibilidade de establecer unha democracia directa, implícita no *gobierno dos soviets* propugnado inicialmente na teoría política marxista, dou lugar á aparición dunha burocracia diferenciada do conxunto dos cida-

dáns, na que a adopción de sistemas de planificación centralizada multiplicaba os problemas presentes en calquera sistema de goberno representativo. A candidez coa que aceptaron o dogma da fidelidade dos burócratas ós intereses do proletariado, a ausencia de mecanismos de controis efectivos da súa actuación e especialmente a falta de controles democráticos tiveron como resultado unha situación que, en palabras de Rosa Luxemburgo apagaron a vida en toda institución política e conduciron a unha parálise extendida e ó único trunfo da democracia<sup>26</sup>.

Os erros sufridos polos sistemas socialistas aplicados no leste europeo descansan en gran medida neste feito, e na desidia dos estudiosos marxistas quen aceptaban como irrevocable a superioridade do seu sistema, e non se esforzaron en analizar desde un enfoque positivo cales eran os incentivos presentes no seu sistema, os posibles problemas e os mecanismos para evitar o seu colapso, asumindo en gran medida que as súas deficiencias eran motivadas por causas esóxenas<sup>27</sup>. Calquera movemento para a súa reforma e actualización ten que pasar necesariamente por unha nova análise que considere a actuación de administrados, políticos e burócratas desde presupostos positivos, á marxe de visións normativas que só están garantidas no caso de individuos que tiveran un comportamento ideolóxico coherente. Nas ciencias sociais, as teorías normativas só teñen validez real nun contexto no que se cumpran estrictamente os valores éticos e morais a partir dos que se constrúe, e de seren incumplidos conlevan serios problemas na súa aplicación. O colapso dos sistemas socialista mostra que na realidade, a asunción polos individuos destas premisas supuxo máis unha excepción que a regra xeral.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aristóteles (s.a.) (384-322 a.C) : *La Política*, traducción ó castelán de 1982 (15ª ed.), Espasa Calpe, Madrid.
- Dobb, Maurice (1942): "Las crisis económicas", *El Trimestre Económico*, vol. VIII, nº 4, Enero-Marzo, p. 633-681.
- Downs, Anthony (1957): *Teoría económica de la democracia*, traducción ó castelán de 1973, Aguilar S.A. de ediciones, Madrid.
- Engels, Friedrich (1884): *El origen de la familia, la propiedad privada y el estado*, traducción ó castelán publicada en Marx e Engels (1975), tomo II, p. 177-345.

- Frois, G. Abraham (1983): "Tasa de beneficio y de acumulación en el análisis de Marx", *Hacienda Pública Española*, 83, 79-95.
- Gettel, Raymond G. (1930): *Historia de las ideas políticas*, 2 vol., Editorial Labor, Barcelona.
- Gough, Ian (1979): *Economía política del Estado del bienestar*, traducción ó castelán de 1982, H. Blume Ediciones, Madrid.
- Kondratieff, Nikolai D. (1926): "Las ondas largas de la coyuntura", traducción ó castelán en Kondratieff, Nikolai D. e Garvy, George (1946): *Las ondas largas de la Economía*, Revista de Occidente, Madrid.
- Lange, Oscar (1963): *Economía Política*, traducción ó castelán de 1966, Fondo de Cultura Económica, México.
- López-Suevos, Ramon (1992): *Socialismo e mercado. Notas de Economía Política*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela.
- Luxemburgo, Rosa (1913): *La acumulación del capital*, traducción ó castelán de 1963, Editorial Tilcara, Buenos Aires.
- Maquiavelo, Nicolas (1513): *El príncipe*, traducción ó castelán de 1985 (3ª ed.), Poesía y Prosa Popular Ediciones, Madrid.
- Marx, Karl (1859): "Prólogo de la contribución a la crítica de la Economía Política", traducción ó castelán en Marx e Engels (1975), tomo I, p. 371-376.
- Marx, Karl; e Engels, Friedrich (1848): *Manifiesto del Partido Comunista*, traducción ó castelán en Marx e Engels (1975), tomo I, p. 13-55.
- Marx, Karl; e Engels, Friedrich (1975): *Obras escogidas*, ed. Fundamentos, Madrid. En 2 tomos
- Miliband, Ralph (1969): El estado y la sociedad capitalista, decimoterceira edición en castelán publicada en 1985, Siglo XXI, Madrid.
- Mishra, Ramesh (1984): El Estado de Bienestar en crisis. Pensamiento y cambio social, traducción ó castelán de 1992, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid.
- O'Connor, James (1973): *La crisis fiscal del Estado*, traducción ó castelán de 1981, Ediciones Península, Barcelona.
- O'Connor, James (1981): "The Fiscal Crisis of the State Revisited: A look at Economic Crisis and Reagan's Budget Policy", *Kapitalstate*, 9, p. 41-61.
- Otero Díaz, Carlos (1966): *La influencia de la Economía en el Derecho*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid.
- Pastor Prieto, Santos (1989): *Sistema jurídico y economía. Una introducción al análisis económico del derecho*, Editorial Tecnos, Madrid.
- Platon (s.a.) (427-347 a.C): *La República o de lo justo*, traducción ó castelán de 1966 (24ª ed.), Editorial Porrúa, México.
- Platon (s.a.b) (427-347 a.C): *Las leyes*, traducción ó castelán de 1965, 2 vol., Editorial Iberia, Barcelona.
- Plutarco (s.a.) (46-120 d.C): *Vidas paralelas*, traducción ó castelán de 1966, E.D.A.F., Madrid.
- Poulantzas, Nicos (1968): *Poder político y clases sociales en el estado capitalista*, traducción ó castelán de 1978 (5ª ed.), Siglo XXI de España Editores, Madrid.
- Poulantzas, Nicos (1975): *La crisis de las dictaduras*, traducción ó castelán de 1976, Siglo XXI de España Editores, Madrid.
- Poulantzas, Nicos (1978): *Estado, poder y socialismo*, traducción ó castelán de 1979, Siglo XXI de España Editores, Madrid.
- Rodríguez Cabrero, Gregorio (1982): "Introducción a la edición española" en Gough (1979), p. 11-42.
- Rousseau, Jean Jaques (1762): *Del contrato social*, traducción ó castelán de 1982 (2ª ed.), Alianza Editorial, Madrid.
- Stiglitz, Joseph E. (1989): "Sobre el papel económico del estado" en Heertje (ed.) (1989): *El papel económico del estado*, traducción ó castelán de 1993, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid., p. 25-98.
- Suárez Llanos, Luis (1989): *Derecho, Economía, Empresa. Elementos de teoría general del derecho patrimonial*, Editorial Civitas, Madrid.
- Sweezy, Paul A. (1942): *Teoría del desarrollo capitalista*, traducción ó castelán de 1945, Fondo de Cultura Económica, México.
- Touchard, Jean (1969): *Historia de las ideas políticas*, traducción ó castelán de 1974 (3ª reimpr. da 3ª ed.), Editorial Tecnos, Madrid.
- Tufte, Edward R. (1979): "Preface to the Paperback Edition", en Tufte (1978): *Political Control of the Economy*, edición de 1980, Princeton University Press, Princeton, p. ix-xi.
- Tulloch, Gordon (1976): *Los motivos del voto*, traducción ó castelán de 1979, Espasa Calpe, Madrid.
- Tulloch, Gordon (1987): *Autocracy*, Kluwer Academic Publishers, Dordrecht.

## NOTAS

1. Unha exposición detallada desta postura pode verse en Sweezy (1942: 172-221).
2. Manifestada na lei da tendencia ó descenso da taxa de beneficio (Frois, 1983: 90-95).
3. Entendendo a anarquía como falta de regulación consciente, non como falta de orden (Sweezy, 1942: 198).
4. Izquierdo (1979: 12-21) recolle as polémicas entre os autores marxistas acerca da relación entre a crise e a derruba capitalista.
5. Ver Tugan-Baranovsky (1912: 209).
6. Reformas que seguen valorando negativamente, pois tan só disfrazan a situación e conducen á alienación dos traballadores sen proceder á mellora real da súa situación. Ver Baran e Sweezy (1966: 266-289).
7. Ou como recolle Gough (1979: 103) "a clase económicamente dominante é tamén a clase política-mente dominante ou gobernante". Sobre a concepción marxista do Estado ver Alvarez e Pousa (1985); Maiz (1985: 111-114).
8. En función da *coincidencia aparente* dos intereses de capitalistas e traballadores. Vid Gough (1979: 127-155).
9. A necesidade de face-las concesións deriva do feito de que o estado non pode realiza-las súas funcións unicamente mediante a represión, e incluso nos casos de reximes dictatoriais debe ir acompañada dunha dominación ideolóxica (Poulantzas, 1975: 76-100).
10. O concepto da crise fiscal, avanzado en traballos de Schumpeter e Goldscheid, foi elaborado desde unha perspectiva marxista por O'Connor (1973; 1981).
11. Do mesmo xeito Rodriguez (1982: 28) considera que a inflación provocada pola intervención do Estado "non expresa senón o conflito político dos grupos e clases sociais que pugnan no seu seo na defensa dos seus intereses propios".
12. En tanto que as crises son momentos históricos para proceder a cambios cando institucións e individuos están sometidos a duras probas que non poden resolverse cos sistemas de relacións tradicionais (O'Connor, 1981: 48).
13. Ou incluso como o elemento primordial para mante-la hexemonía da clase dominante (Poulantzas, 1978: 46-47).
14. A visión unidireccional de Marx, aparece matizada en Engels (1884: 338) para quen a superestructura política, en canto instrumento da clase dominante otorgalle a esta novos medios para a represión e explotación da clase oprimida, co que esta relación resulta ampliada. Fronte ás consideracións deterministas do sistema político, os autores da nova esquerda prefiren falar de que a economía é un factor condicionante da superestructura (Suárez Llanos, 1989: 20).
15. Sen perxuízo de que coexistan outros elementos que tamén deberían terse en conta á hora de elaborar calquera teoría sobre o comportamento humano en calquera das ciencias sociais. Cada sistema inflúe e sofre influencias dos demais, ate o punto de que "o coñecemento das relacións de interdependencia entre os diferentes subsistemas, e dentro de cada sistema, dos elementos que o forman, é o reto das ciencias sociais" (Pastor, 1989: 26).
16. "Os partidos políticos son a expresión política máis ou menos axeitada destas mesmas clases ou fraccións" (Mishra, 1984: 123).
17. Milliband (1969: 141-172); O'Connor (1973: 101-102); Mishra (1984: 121-143).
18. Milliband (1969: 173-254) indica que esta influencia non resulta determinante en ningún caso porque existen múltiples distorsións que afectan á competencia no mercado electoral, primando ós partidos políticos que representan os intereses da clase dominante e dificultando a posibilidade de realizar cambios profundos mediante a confrontación electoral.
19. A bondade do tópico "democrático" dentro da ciencia política maniféstase de forma reiterada a partires do século XIX, e incluso desde os sistemas socialistas mostran tal interese ó catalogar os seus réximes como democracias populares.
20. Á hora de buscar ós mellores gobernantes, Platón (s.a.: 491) propugna que "se temos que escoller tamén por xefes ós mellores gardiáns do Estado, escolleremos a aqueles que no máis alto grado posean as cualidades de gardiáns excelentes (...) a aqueles que, despois de maduro exame, nos parecera que se pasaron a vida preocupándose de facer aquilo que redundaba en proveito público a xuízo seu, e a quen nada tivo xamais forza bastante para movelos a obrar en contra dos intereses do Estado. Eses son, certamente os que nos conveñen".
21. Na liña da distinción entre o mundo real e o mundo das ideas que aparece na coñecida alegoría da caverna (Platón, s.a.: 551-554).
22. "A unidade do grupo social estaba constituída sobre fundamentos relixiosos: a autoridade simbolizaba, na súa orixe, a vontade dos deuses" (Gettel, 1930: vol. 1, 58-59).
23. Como indica Touchard (1969: 100), San Agustín propugna a orixe divina de calquera poder, polo que calquera gobernante obtén a súa autoridade en función dunha investidura divina á marxe do sistema concreto polo que fora nomeado (sorteo, elección ou herdanza). O seu comportamento responde ós desígnios da providencia e, á marxe de que resulte atinado ou errado, non pode haber outro e carece de senso un estudio sobre o comportamento do goberno ou sobre os erros na súa actuación. Sempre que os cidadáns observaran os mandatos divinos, o gobernante sería xusto e atendería ó cumprimento do benestar da sociedade e dos intereses dos seus gobernados, mentras que os malos gobernantes constituían un *castigo divino* por actos impíos dos cidadáns. Aínda máis, como a vida constitúe unha antesala da eternidade, os problemas que se teñan nesta constitúen probas que aseguran o benestar futuro.
24. O que constitúe tamén unha defensa interesada do papel dos economistas que adquiren unha forte relevancia na actividade económica do goberno.
25. Na liña das análises de Tullock (1987) sobre os gobernos dictatoriais.

26. Cita de *La Revolución Rusa*, en Poutlantzas (1978: 310).

27. Entre as escasas excepcións á tendencia de atribuí-lo fracaso das economías planificadas ás presións do sistema capitalista, López-Suevos (1992: 143)

afirma "os factos son esclarecedores: o socialismo Leste europeo fracassou no terreno económico... Afinal, o socialismo realmente existente fai águas por toda a parte e parece destinado a perecer vítima das súas contradicións internas".